



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 17 /2026

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN ECOS DO SUR, ENTIDADE FEDERADA DA RED ACOGE, PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN A PERSOAS MENORES SOLICITANTES DE ASILO NO MARCO DO DISPOSITIVO DE EMERXENCIA POSTO EN MARCHA POLA SECRETARÍA DE ESTADO DE MIGRACIÓNS.

Na Coruña, a 9 de febreiro de 2026, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Dona Ana Isabel Ulloa Lobeiras, Presidenta da Asociación Ecos do Sur da Coruña.

MANIFESTAN

A Orde ISM/680/2022, de o 19 de xullo, pola que se desenvolve a xestión do sistema de acollida de protección internacional mediante acción concertada, indica que o Sistema de Acolida de Protección Internacional e Temporal prevese para persoas solicitantes de protección internacional e temporal, sempre que carezan de recursos económicos suficientes, teñen dereito ás condicións de acollida necesarias coa finalidade de asegurar a satisfacción das súas necesidades básicas en condicións de dignidade.

Con data 7 de xullo de 2025, a Secretaría de Estado de Migracións aprobou a Resolución pola que se declara a emerxencia para a prestación de servizos e a realización de obras para atender as necesidades dos menores non acompañados solicitantes de protección internacional que se atopan en Canarias.

No marco de dita resolución, a Dirección Xeral de Atención Humanitaria e do Sistema de Acolida de Protección Internacional do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, por Acordo de adxudicación de servizos nº 14, adxudica á Rede Acoge (NIF: G80230774), a prestación de servizos consistentes en arrendamento e adaptación, no seu caso, de espazos de acollida, mantemento preventivo e correctivo, alimentación, manutención e atención ás necesidades básicas, material informático e de conectividade, transporte, acompañamento social e información, tradución e interpretación, atención psicolóxica, para 15 prazas na Coruña.

Red Acoge, é unha Federación composta por organizacións especializadas na inclusión social das persoas migrantes e asiladas en España suxeitas aos Estatutos de Red Acoge, ao amparo do artigo 22 da CE, de natureza civil, carecendo de ánimo de lucro, segundo Acta constitutiva de data 1 de febreiro de 1991 en Madrid. A Red Acoge réxese pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de Asociación e normas concordantes e as que en cada momento lle sexan aplicables, así como polos Estatutos, outorgando personalidade xurídica propia e independente das dos seus asociados.

O obxectivo da Red Acoge, no marco do sistema de acollida integral e inclusión das persoas solicitantes de asilo, refuxiadas, apátridas, persoas acollidas ao réxime de protección temporal e outros estatutos de protección subsidiaria, é favorecer o proceso de autonomía destas, proporcionándolles ferramentas necesarias para o exercicio dos seus dereitos. Para iso, ponse no centro ás persoas e os seus dereitos, entendendo o acompañamento desde a corresponsabilidade e o compromiso entre as partes.

A Asociación Ecos do Sur, con nif G-15354483, entidade federada á Red Acoge, xestionará a acollida das 15 prazas asignadas a A Coruña.

A Asociación Ecos do Sur é unha entidade sen ánimo de lucro fundada na Coruña en 1991, integrada na Rede Acoge en 2020, que traballa impulsando o desenvolvemento social e dos dereitos humanos,

promovendo a integración e participación na nosa sociedade de colectivos vulnerables ou en risco de exclusión, así como mellorar as condicións de vida dos países con menos posibilidades de desenvolvemento, facilitando o acceso aos recursos, tanto no Norte como no Sur, baixo os preceptos de igualdade de oportunidades.

A Deputación da Coruña é consciente dos graves problemas que causan os conflitos políticos e bélicos nos países africanos e considera necesario colaborar coas institucións que atenden ás persoas refuxiadas.

A Deputación da Coruña acepta a solicitude da Red Acoge, e o 19 de setembro asina un convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Ecos do Sur, Entidade Federada da Red Acoge, para a realización de atención a persoas menores solicitantes de asilo no marco do dispositivo de emerxencia posto en marcha pola secretaría de estado de migracións con data de vixencia desde a súa sinatura, ata o 31 de decembro de 2025, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso da partes.(Expediente: 2025000038617).

Co obxecto de dar continuidade a este convenio, e a solicitude da Asociación Ecos do Sur, propónse un novo convenio nos mesmos termos que o primeiro, salvo a vixencia.

Por todo o exposto, as entidades asinantes estiman oportuno a formalización dun convenio de cooperación conforme ás seguintes **CLÁUSULAS**:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Asociación Ecos do Sur para atender a persoas incluídas no Sistema de Acollda de Protección Internacional do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

II.- CENTRO DE ACOLLIDA ROSALÍA MERA

O equipamento residencial integrado no IES Rosalía Mera ponse ao dispor do Sistema de Acollda Integral de Persoas Solicitantes de Protección Internacional e Protección Temporal do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, regulado por Real Decreto 220/2022, do 29 de marzo.

Esta residencia utilizarase como Centro de Acollda, cuxo obxectivo é dar aloxamento e manutención de maneira inmediata ás persoas que o Sistema de Acollda de Protección Internacional asigne a A Coruña.

O Centro de Acollda Rosalía Mera conta coas seguintes instalacións que dispoñen do equipamento necesario:

- 21 habitacións dobres con baño, das que 11 teñen terraza.
- 1 habitación individual con baño
- Espazos comúns: cociña, comedor, biblioteca, sala de estar, 2 despachos individuais, oficina xeral con 5 postos, sala de ordenadores, aseo común, 2 almacéns e sala de TV.

III.- XESTIÓN DO PROGRAMA DE ACOLLIDA

No desenvolvemento do programa de Acollda Integral de Persoas Solicitantes de Protección Internacional e Protección Temporal do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, regulado por Real Decreto 220/2022, do 29 de marzo, foi asignada á Red Acoge a xestión de 15 prazas na Coruña, intervindo nesta actividade a súa entidade federada a Asociación Ecos do Sur.

IV.- ACTUACIÓNS DA ASOCIACIÓN ECOS DO SUR

As prestacións e as axudas que se dispensarán no Centro de Acollda son as establecidas no Manual de Xestión V.5.0 da Dirección Xeral de Xestión do Sistema de Acollda de Protección Internacional e Temporal, que serán asumidas pola Asociación Ecos do Sur.

Para xestionar este programa de acollda a Asociación Ecos do Sur adscribirá ao Programa o seguinte equipo técnico:

- 1 responsable do programa
- 1 psicólogo/a
- 3 técnicos/as de acollda
- 5 monitores

Ditos profesionais prestarán o seu servizo en horario de 24 horas, de luns a domingo, estando sempre presente un deles no centro, polo terán a súa disposición 1 dormitorio individual.

En ningún caso estes servizos xerarán relación laboral contractual coa Deputación Provincial da Coruña.

As cuestións que poidan xurdir en relación coa xestión do programa e uso das instalacións deberán ser tratadas pola persoa responsable da Asociación Ecos do Sur co Director do IES Rosalía Mera.

O uso temporal e provisional destes locais da Deputación pola Asociación Ecos do Sur non suporá en ningún caso cesión de titularidade dos mesmos.

V.- ACTUACIÓNS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña facilitará:

- Aloxamento e manutención parcial (*) para as 15 persoas acollidas e 2 profesionais. O número de prazas podería incrementarse no caso de nova asignación de persoas polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, ata o límite da capacidade de aloxamento da Residencia.
 - Suministros
 - Conexión a internet
 - Limpeza e lavandería
 - Actividades deportivas e de lecer, en coordinación co IES Rosalía Mera
- (*) Facilitada de domingo a venres comida en datas lectivas, contando con persoal de apoio facilitado pola Asociación Ecos do Sur

VI.- RÉXIME ECONÓMICO

A Deputación Provincial da Coruña non aboará á Asociación Ecos do Sur cantidade ningunha derivada do presente convenio de colaboración.

A Deputación Provincial da Coruña farase inicialmente cargo dos gastos das actividades relacionadas na cláusula V, que serán compensados pola Asociación Ecos do Sur, entidade federada da Red Acoge, nos termos establecidos na normativa de aplicación pola utilización de servizos na residencia Rosalía Mera.

VII.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para coordinar as actuacións do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada institución e designados polos seus respectivos presidentes.

VIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas no Real decreto 1372/1986, do 13 xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e, supletoriamente, aplicaranse a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

IX.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 28 de febreiro de 2026, podendo prorrogarse automaticamente ata o 30 de xuño de 2026 sempre e cando exista novo acordo expreso de adxudicación de servizos de Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións cunha nova data.

Cumprindo este requisito a prorroga será automática salvo denuncia expresa dunha das partes formulada con 15 días de antelación á finalización da vixencia.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia número 3971 de data 29 de xaneiro de 2026.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA
ASOCIACIÓN ECOS DO SUR DA CORUÑA

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Ana Isabel Ulloa Lobeiras

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. Miguel Iglesias Martínez